



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS que, como lei fundamental do contrato, rexerá na contratación para adxudicar, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, a obra de "Restauración do Palco da Música do Cantón de Diómedes"

1º.- OBXECTO DO CONTRATO.- O contrato será para a realización das obras contempladas no proxecto técnico redactado polo arquitecto externo D. Rubén M. Vázquez Pérez de "Restauración do Palco da Música no Cantón de Diómedes".

A codificación correspondente deste contrato segundo a nomenclatura Vocabulario Común de Contratos CPV da Comisión Europea, é a seguinte:

CPV: 45454100-5. Traballos de restauración.

2º.- NECESIDADES A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO.-

As indicadas no proxecto técnico redactado ao efecto así como informe da concelleira delegada en virtude ao art. 22 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).

3º.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E PERFIL DO CONTRATANTE.-

O contrato tramitarase por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación que se fundamenta na conveniencia de promover a concorrencia na presentación de proposicións, e que en que o procedemento aberto é un dos procedementos de adxudicación ordinario previsto no TRLCSF. A tramitación será ordinaria

Se emite Providencia da Alcaldía aos efectos de iniciación da contratación.

O procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante do Concello de Tui.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso na páxina web seguinte:

<http://www.concellotui.org>, e na que os interesados poderán consultar información referente ás licitacións do concello.

4º.- ORZAMENTO DO CONTRATO.-

Orzamento base: 50.575,00€, incluído gastos xerais e beneficio industrial.

IVE 21% : 10.620,75€.

Orzamento total: 61.195,75€.



5º.-PRAZO DE EXECUCIÓN.- De conformidade co informado pola redactora do proxecto, o prazo de execución se estima en **catro meses**, a partir da sinatura do acta de comprobación de replanteo e inicio das obras.

6º.-FINANCIAMENTO DO CONTRATO.- De conformidade co informe emitido pola Intervención municipal o contrato irá con cargo á partida 2017/1/336/61905/01 do orzamento en vigor, mediante achega concedida pola Deputación provincial con cargo ó Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016 (Expediente 2016021591) polo 100% do orzamento de licitación e indicando que o referido investimento deberá estar executado e xustificado, na súa totalidade, antes do **31 de decembro de 2017**.

7º.-PAGAMENTO DO PREZO DA ADXUDICACIÓN.-O pagamento do prezo de adxudicación efectuarase mediante a presentación de factura e certificación de obra dos traballos executados, asinada polo técnico director das obras, que serán aprobadas polo órgano competente do concello.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado -ao que encóntrase adherido o Concello de Tui, son os seguintes:

Oficina contable:**Código DIR 3 LO 1360558.**

Órgano xestor:**Código DIR 3 LO 1360558.**

Unidade tramitadora:**Código DIR 3 LO 1360558.**

8º.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO- Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das corporacións locais, o contrato rexerese polas seguintes normas:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en adiante (TRLCSP).

- Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que non se contradiga co TRLCSP.

- Demais normativa aplicable que non se atope derogada polo TRLCSP.

- Así mesmo, o referido contrato rexerese polo establecido no proxecto técnico aprobado e o presente prego de cláusulas, que terán a natureza de documentos contractuais.



9º.-CLASIFICACIÓN.- Pola contía do contrato non se esixe clasificación. Os que a presenten, nos termos deste prego, quedarán exentas de acreditar a solvencia económica-financeira e técnica, de conformidade co TRLCSP.

10.- GASTOS A ABOAR NO CASO DE RENUNCIA OU DESESTIMENTO.-

No caso de renuncia ou desestimento, se compensará a cada un dos licitadores polos gastos nos que houberse incorrido, de acordo co art. 155 do TRLCSP. Elo non obstante, esta indemnización non superará en ningún caso o límite de 100 €.

11º.-ORGANO DE CONTRATACIÓN.- O órgano competente para contratar é o Alcalde, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do TRLCSP, por canto a contratación non excede do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin é superior ós catro anos. Facultade que, en virtude de Decreto de data 22 de xuño de 2015, é delegada en Xunta de Goberno Local, puidendo avocarse dita delegación nos termos da normativa de aplicación.

12º.- GARANTÍA PROVISIONAL.- Non se esixe.

13º.- GARANTÍA DEFINITIVA.- Equivalente ó 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP.

14º.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS.- A documentación para as licitacións presentaranse en sobres pechados, identificados, no seu exterior, con indicación da licitación á que concorren e asinados polo licitador ou a persoa que o represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa. No interior de cada sobre se fará constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

Os interesados presentarán as súas proposicións no Rexistro Xeral do Concello de Tui, en horario de apertura ao público, ou ben en calquera das formas permitidas no artigo 16.4 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Se algún dos interesados fixera uso da facultade de presentar a súa oferta por correo, en tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día.



Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora do remate do prazo sinalado.

Transcorridos, non obstante, dez días seguintes á indicada data sen recibir a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

15º.-FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS.-As propostas presentaranse **en dous sobres** numerados correlativamente:

A) SOBRE NÚMERO 1.- Conterá a seguinte documentación que deberá reunir os requisitos de autenticidade previstos nas leis:

De conformidade coa Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización (BOE 28/09/13), que introduce a través do seu Capítulo II. Medidas para impulsar a contratación pública con emprendedores e modificacións substanciais no texto refundido da Lei de contratos do sector público, que engade dous parágrafos 4 e 5 ao artigo 146 do TRLCSP, permitindo que só o proposto como adxudicatario aporte toda a documentación acreditativa da súa capacidade e solvencia para executar o contrato de que se trate, substituíndose no "sobre A" de tódolos licitadores por unha "declaración responsable". O obxectivo da medida é simplificar "a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos" co obxectivo de favorecer a participación das PYMES nos procedementos de contratación do sector público. Este novo sistema será obrigado para os contratos de obras de valor estimado inferior a 1.000.000€, e servizos e subministros inferiores a 90.000€ e potestativa para o órgano de contratación no resto de contratos.

En aplicación ao indicado anteriormente, a documentación que se incluírá no sobre A, será:

- Declaración responsable segundo modelo que se acompaña (Anexo II).

En todo caso, o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa (clasificada en primeiro lugar segundo acordo de clasificación en orde descendente do órgano de contratación) e no que recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato e dentro do prazo dos dez días seguintes (ou 5 de declararse a urxencia na tramitación do expediente) ó que lle sexa comunicado o acordo de clasificación adoptado polo órgano de contratación, a posesión e validez dos documentos esixidos. Dita acreditación se realizará, de conformidade co que dispón o artigo 146 do TRLCSP,



achegando a seguinte documentación (en caso de non acompañar a documentación xustificativa no sobre A):

Documentos acreditativos da personalidade xurídica: Os empresarios individuais, copia autenticada do DNI; os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polo que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados Membros da Unión Europea se acreditará pola súa inscrición no rexistro precedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular no ámbito territorial no que radique o domicilio da empresa.

Documentos acreditativos da representación: Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores se deberá incluír poder outorgado a favor de quen subscriba a proposición. Igualmente a persoa con poder a efectos de representación deberá acompañar fotocopia do D.N.I., do pasaporte ou documento que o substitúa validamente.

A acreditación das facultades realizarase por medio dunha escritura notarial de apoderamento ou da escritura na que conste a elección do representante para o cargo do que se deriva a facultade de representación. Este poder haberá de estar inscrito no Rexistro Mercantil cando proceda de conformidade ao disposto no artigo 94 do Regulamento regulador deste Rexistro. Se o licitador fora persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil. Se se trata dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, de acordo co art. 94.1.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil.

Verificación de poderes. Bastanteo. Os documentos a que se refire o parágrafo anterior serán bastanteados previamente polo Secretario da Corporación ou funcionario do concello habilitado, co fin de comprobar que as facultades son abondo para intervir validamente no procedemento en nome da persoa representada. Admitiranse tamén os bastanteos de poder efectuados por avogado do Estado ou asesorías xurídicas doutras Administracións Públicas,



ou avogado en exercicio, debendo neste último caso xustificarse a súa colexiación.

A aportación da dilixencia de bastanteo do documento de apoderamento poderá suplir a aportación deste, sempre que tal dilixencia identifique perfectamente ao representante, representado, escritura de apoderamento e que as facultades que se lle confiren son bastantes para o contrato, ou contratos, en tela de xuízo.

A presentación do poder, ou da dilixencia de bastanteo nos termos expostos, suporá, aos efectos do art. 1733 e concordantes do Código Civil, expresa declaración de non ter sido revogados con data posterior.

Documento de compromiso de constituír una Unión Temporal de Empresas: Nos casos en que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal aportarán ademais un documento, que poderá ser privado, no que, para o caso de resultar adxudicatarios, se comprometan a constituíla. Este documento deberá estar asinado polo representante de cada unha das empresas e nel se expresará a persoa a quen designan representante da UTE ante a Administración para tódolos efectos relativos ó contrato, así como a participación que a cada un deles corresponda na UTE.

Documentos que xustifiquen os requirimentos de solvencia económica-financeira e técnica ou profesional:

-SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica e financeira polo medio seguinte:

Cifra anual de negocios do licitador, ou ben cifra anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, nos tres últimos anos, cun valor mínimo esixido (no ano de maior volume de negocio dos tres indicados) equivalente a unha vez e media o valor estimado do contrato.

-SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL. Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia técnica polo medio seguinte:

Relación das obras executadas no curso dos últimos 10 anos, correspondentes ao mesmo grupo ou subgrupo de clasificación ao que corresponde o contrato, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes. Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e se precisará si se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo. Os certificados de boa execución das obras incluídas na relación no que o destinatario fose unha entidade do sector público, poderán comunicarse



directamente ao órgano de contratación pola entidade contratante das obras.

A estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último ostente directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no art. 42 do Código de Comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra dita condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación de aquel no capital social desta.

Para a acreditación da solvencia técnica ou profesional por este medio se esixe, como mínimo, que o importe anual acumulado que o empresario deberá acreditar como executado durante o ano de maior execución do período citado sexa o do dobre do orzamento base de licitación (sen IVE), en traballos do grupo ou subgrupo ao que corresponde o contrato.

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios durante o tempo en que sexa necesario para executar o contrato. (Artigo 63 TRLCSP)

- Compromiso de adscripción de medios suficientes para a execución do contrato.

O contratista está obrigado a adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para a boa execución do contrato.

Para tal fin o contratista estará obrigado a dar cumprimento ás prescricións e cautelas establecidas na autorización para a restauración do palco da música no Cantón de Diómedes emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de 11 de outubro de 2016, así como no indicado no escrito remitido polo Xefe do Servizo de Patrimonio Cultural de Pontevedra de data 13 de febreiro de 2017.

A tal efecto, de acordo co artigo 64.2 do TRLCSP e á marxe de acreditar a solvencia técnica (ou clasificación) requerida no presente prego, os licitadores deberán comprometerse a adscribir á



execución do contrato os seguintes medios persoais esixidos como mínimos para levar a cabo adecuadamente o contrato:

- Un técnico especialista en Conservación e Restauración de Bens Culturais, que pode ser propio ou alleo, sendo neste caso preciso achegar un compromiso de colaboración asinado pola empresa subcontratada, dacordo co sinalado na cláusula 22 do PCAP. O técnico especialista en Conservación e Restauración de Bens Culturais terá a titulación académica de “Técnico especialista en Conservación e Restauración de Bens Culturais” (titulación impartida pola Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia) ou ben titulación universitaria superior equivalente coa especialidade correspondente; e deberá cumprir co requisito de ter realizado, cando menos, unha intervención análoga á obra obxecto de licitación. Entenderase por obra análoga as actuacións en bens protexidos polo seu valor cultural.
- Traballadores especializados na realización de traballos de cantería e carpintería. O equipo pode ser propio ou alleo, sendo neste caso preciso achegar un compromiso de colaboración asinado pola empresa subcontratada, dacordo co sinalado na cláusula 22 do PCAP. Considerarase suficiente a proposta que designe un equipo de cando menos dous operarios especializados que teñan realizado, cada un, cando menos unha intervención análoga á obra obxecto de licitación. Entenderase por obra análoga as actuacións en bens protexidos polo seu valor cultural.
- Especialista debidamente acreditado na realización de traballos de fundición e forxa artística, que pode ser propio ou alleo, sendo neste caso preciso achegar un compromiso de colaboración asinado pola empresa subcontratada, dacordo co sinalado na cláusula 22 do PCAP. Considerarase suficiente a proposta que achegue un operario especializado que teña realizado, cando menos, unha intervención análoga á obra obxecto de licitación. Entenderase por obra análoga as actuacións en bens protexidos polo seu valor cultural.

O compromiso integrarase na Declaración responsable a incluír no sobre A segundo modelo que se acompaña a este prego (Anexo II). Sen perxuízo da obriga dos licitadores de presentar dita Declaración responsable, ao licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa esixiráselle que achegue a documentación que acredite o cumprimento das condicións esixidas, nos termos da indicada cláusula 22 do PCAP.

Por outra parte, os valores indicados deben tomarse coma referencias mínimas para a execución do contrato e terán o carácter de obrigas contractuais esenciais, sen custe algún para a administración contratante.



A falsidade nas titulacións e nivel de coñecementos técnicos do persoal relacionado no compromiso, deducida do contraste entre a oferta técnica e os coñecementos reais demostrados na execución dos traballos, implicará asumir responsabilidades fronte á Administración, e será causa de resolución do contrato.

A clasificación non eximirá aos licitadores de achegar o compromiso de adicar ou adscribir ao contrato os medios persoais e materiais suficientes para a súa correcta execución, nos termos indicados no presente prego.

-CLASIFICACIÓN MEDIANTE A CAL SE PODERÁ ACREDITAR A SOLVENCIA:

Grupo K , Subgrupo 7, Categoría 1.

Para a presente contratación non se esixe clasificación, sendo suficiente a acreditación da solvencia económico-financeira e técnico profesional nos termos do prego.

Non obstante, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación, en vigor, nos termos sinalados no presente prego (Grupo k, Subgrupo 7, Categoría 1), ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos no prego.

Documentación adicional esixida a tódalas empresas estranxeiras. As empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato se execute en España, deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que poida corresponder ó licitante.

Documentación acreditativa de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 60 do TRLCSP, de acordo cos artigos 60, 73 e 146 do TRLCSP e de acordo co sinalado na cláusula 22 do presente prego.

Domicilio: Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia poderá ser complementada indicando unha dirección de correo electrónico e o número de teléfono e fax.

Empresas que teñan no seu cadro de persoal persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social. Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia regulada na disposición adicional 4ª do TRLCSP, deberán os documentos que acrediten que, ó tempo de presentar a



súa proposición, ten no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ó 2 por 100 ou que a empresa licitadora está dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, xunto co compromiso formal de contratación a que se refire a disposición adicional 4ª do TRLCSP.

A acreditación da documentación administrativa poderá realizarse mediante inscrición no rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do estado o das comunidades autónomas. Os licitadores poderán indicar ó rexistro no que se atopan inscritos acompañando a correspondente certificación onde se recollan os extremos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia dos mesmos.

B) SOBRE NÚMERO 2.- Criterios cuantificables de forma automática.-

Conterá:

- **Oferta económica**, na que se expresará o prezo de execución do contrato. A oferta económica se presentará conforme ó *Anexo I*.
- **Incremento do prazo de garantía.**
- **Redución de prazo de execución de obra.**

16º.-PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS E DEMAIS REQUISITOS DAS MESMAS.-

O prazo de presentación de proposicións será de **VINTE E SEIS DÍAS NATURAIS** a contar dende a publicación do anuncio de licitación na *páxina web* do concello (www.concellotui.org) e no Boletín Oficial da Provincia.

As propostas dos interesados deberán axustarse ó previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, así como o proxecto técnico de obra, sen excepción ou reserva ningunha.

As ofertas serán secretas e se arbitrarán os medios que garanten tal carácter ata o intre no que se proceda á súa apertura .

Cada licitador non poderá presentar máis de UNHA OFERTA, sen prexuízo da admisibilidade de variantes ou melloras cando se permita a súa presentación.



Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

17º.- ADXUDICACIÓN: De conformidade coa lexislación vixente, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a criterios directamente vinculados ó obxecto do contrato. A estes efectos fíxanse como criterios:

1.- CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.

Proposición económica. Baixas ofertadas sobre o prezo total do contrato, ata un máximo de 40 puntos. Puntuarase con 0 puntos aquelas ofertas que propoñan o tipo establecido. Outorgarase a valoración máxima á oferta máis baixa. O resto das ofertas serán valorados proporcionalmente, de acordo coa seguinte fórmula:

$$V_i = \frac{B_i}{B_{\max}} \times \text{valoración - outorgada - a - oferta - económica -}$$

Sendo:

V_i : Puntuación da oferta i

B_i : baixa da oferta i . Donde $B_i = \text{Tipo} - O_i$; sendo *Tipo* o tipo da licitación e O_i é a oferta da empresa i .

B_{\max} : baixa da oferta máis favorable. $B_{\max} = \text{Tipo} - O_b$; onde *Tipo* é o tipo da licitación e O_b é a oferta económica máis baixa.

Valoración de melloras:

a. Incremento do prazo de garantía. Se contempla un prazo de garantía de un (1) ano. Se valorará con oito (8) puntos por cada ano que se aumente dito prazo, **cun** máximo de trinta e dous (32) puntos por este aspecto, **é dicir, catro (4) anos a maiores, facendo un total de cinco (5) anos de prazo de garantía.**

b. Redución de prazo de execución de obra.- Se contempla un prazo de execución de **CATRO MESES**. Proponse a valoración da redución de prazo de ata un máximo de **CATRO SEMANAS** de redución (valorando **ata un máximo de 28 puntos** pola redución máxima, e as restantes valoracións a razón de sete (7) puntos por



cada semana de redución; non serán obxecto de valoración as reducións por prazo inferior á semana). O contratista estará na obriga de presentar coa oferta un programa de traballo diario que xustifique o prazo ofertado e reflicta con total claridade as obras a executar diariamente.

2).-CLASIFICACION DAS OFERTAS.- De conformidade co art. 151 do TRLCSP, o órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas, por orde decrecente, atendendo ós criterios indicados anteriormente, e poderá solicitar cantos informes técnicos estime pertinentes.

Criterios de desempate:

De acordo co establecido na Disposición Adicional 4ª do TRLCSP, cando unha ou varias proposicións igualem, nos seus termos, á máis vantaxosa dende o punto de vista dos criterios que serven de base para a adxudicación, terán preferencia na adxudicación do contrato as proposicións presentadas por aquelas empresas que acrediten ter no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%.

18º.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.- Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:

a).- Se o contrato debe adxudicarse tendo en conta un único criterio de valoración, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do Regulamento xeral da LCAP.

b).-Cando a adxudicación deba facerse tendo en conta máis de un criterio de adxudicación, sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media do total dos ofertados. Se só existe unha oferta presentada, se considerará anormal ou desproporcional aquela inferior a un 25% do tipo de prezo de licitación.

19º.-CONFIDENCIALIDADE.- Sen prexuízo das disposicións do TRLCSP, relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse ós candidatos e ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó realizar as propostas, en especial con respecto ós segredos técnicos ou comerciais e os aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.



Do mesmo xeito, o contratista deberá respectar o carácter confidencial de aquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dese o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba tratarse como tal. Este deber manterase durante o prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

20º.- REVISIÓN DE PREZOS.-Dada a duración do contrato non cabe a revisión de prezos.

21º.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS.-

a). Mesa de Contratación. - A Mesa de Contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Actuará como secretario da mesa un funcionario do concello designado ó efecto.

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

- Presidente da Mesa: Alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue.
- Vogais: Interventor do Concello, ou funcionario en quen delegue.
 - Secretaria do Concello, ou funcionario en quen delegue.
 - O arquitecto técnico municipal.
 - O concelleiro/a de Facenda e Patrimonio.
- Secretario da Mesa: Un funcionario/a do concello.

Para o caso que nos ocupa o órgano competente para contratar é o Alcalde, por canto a contratación non excede do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin é superior ós catro anos. Facultade que, en virtude de Decreto de data 22 de xuño 2015, é delegada en Xunta de Goberno Local.

A cualificación da documentación presentada a que se refire o artigo 146 do TRLCSP efectuarase pola Mesa de contratación constituída ó efecto, en sesión non pública. O Presidente ordenará



a apertura dos sobres que a conteñan, e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.

b) Si se observasen defectos ou omisións que sexan emendables na documentación presentada no sobre A, ou do seu contido puidera deducirse que algún dos licitadores non reúne os requisitos para ser admitido como licitador no presente procedemento, comunicárase ós interesados esta circunstancia por correo electrónico ou fax, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou emende ante o órgano de contratación.

Do actuado quedará constancia no expediente.

c) Unha vez cualificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, declararanse admitidos inicialmente á licitación aos licitadores que teñan presentado correctamente a declaración xurada incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requerida no seu caso a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma. Asemesmo farase declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.

d) Rematada a fase anterior, se procederá á apertura, en acto público, do **sobre b) Criterios cuantificables de forma automática.**

A Mesa de Contratación emitirá proposta de adxudicación ó órgano de contratación.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

22º.-REQUIRIMENTO DA DOCUMENTACIÓN.-O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, presente a seguinte documentación xustificativa:

- Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Tui, ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación dos mesmos.



- De dispoñer efectivamente dos medios que se houberse comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme á declaración responsable (ver cláusula 15 do PCAP).

En relación co persoal mínimo esixido e con carácter previo á adxudicación esixiráselle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que achegue como documentación acreditativa do cumprimento de adscrición de medios persoais mínimos:

-- Copia da titulación académica esixida, autenticada por notario ou cotexada por funcionario.

-- Compromiso de participación de medios externos: no caso de que os medios humanos que figuran no compromiso de medios integrado na declaración responsable sexan alleos ao licitador, deberá acreditarse a súa dispoñibilidade por medio dos compromisos de participación asinados polo responsable do medio externo, no que se identifique claramente o obxecto da colaboración e a denominación do contrato en cuestión.

- Ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

- Testimonio xudicial, certificación administrativa, ou declaración responsable outorgada polo apoderado ante a Secretaría do Concello de Tui, notario público ou organismo profesional cualificado, de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 60 do TRLCSP, facendo constar que non está comprendido en ningunha das circunstancias de incapacidade ou de prohibición para contratar que se establecen no artigo 60 e 146 do TRLCSP. (Artigo 73.1 TRLCSP e como complemento da documentación xustificativa da acreditación de non atoparse incurso en prohibición para contratar.) Cando se trate de empresas de Estados membros da UE e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial (artigo 73.2 TRLCSP).

- Presentar a xustificación acreditativa dos requisitos indicados na licitación, sobre A, aspectos que se fan constar na cláusula 15º deste prego.

(Os correspondentes certificados poderán expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos).

23º.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.- Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos tres días hábiles seguintes á da recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que poida admitirse de acordo cos criterios que figuren no prego.



A adxudicación deberá motivarse e notificarse ós candidatos ou licitadores e publicarse no perfil do contratante da páxina web do concello e no Boletín Oficial da Provincia.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ó licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- * En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimase a proposta.
- * Con respecto ós licitadores excluídos do procedemento de adxudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a oferta.
- * En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que foi seleccionada a oferta de este con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores do conxunto das ofertas que se admitiron.
- * Na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo no que se debe proceder á súa formalización.

Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá aportarse antes da formalización do contrato.

Igualmente, cando se esixa ó adxudicatario que concerte algún tipo de seguro, antes da formalización do contrato, deberá aportarse a póliza correspondente.

24º.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.- A Administración e o contratista formalizarán o contrato dentro dos quince días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adxudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato administrativo poderá realizarse en Escritura Pública a petición do contratista e a súa costa. A formalización dos contratos cunha contía igual ou superior ás cantidades indicadas no art. 154 do texto refundido publicarse no perfil do contratante do órgano de contratación e no Boletín Oficial da Provincia, indicando, como mínimo, os mesmos datos mencionados no anuncio de adxudicación.

25º.- OBRIGAS DO CONTRATISTA.- As indicadas no proxecto técnico aprobado así como as contempladas no presente prego.

- O adxudicatario deberá colocar, dende o inicio das obras ata o seu remate, un cartel informativo indicando que se trata dunha obra subvencionada pola Deputación.



Modelo de cartel que se publica na páxina web da Deputación, no relativo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016.

-Os tributos estatais, municipais e autonómicos que deriven do contrato.

Asumi-lo pagamento do IVE pola totalidade da obra realizada, IVE que se entenderá incluído no prezo de adxudicación.

-Os da formalización pública do contrato de adxudicación.

-Os importes do anuncio de licitación e de adxudicación, no caso de terse que publicar nalgún boletín oficial (BOP,DOG).

-Obrigas laborais e sociais. O contratista está na obriga do cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevencións de riscos laborais.

-O contratista está na obriga de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes (art. 64 do TRLCSP), e en especial do disposto na cláusula 14º deste prego.

-O contratista está na obriga do cumprimento dos requisitos previos no art. 227 do TRLCSP.

-O contratista está na obriga de instalar ó seu custo as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á realización das obras.

-O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de Seguridade e Saúde no traballo.

- Os que se indiquen a maiores no proxecto técnico aprobado e no presente prego de cláusulas administrativas.

26º.- RESPONSABLE DO CONTRATO, DIRECCIÓN DA OBRA E DELEGADO DE OBRA.- O órgano de contratación poderá designar unha persoa responsable do contrato conforme se establece no artigo 52 do TRLCSP.

A dirección e inspección das obras corresponde ao Concello, que deberá designar a estes efectos a un técnico competente, que dictará as instrucións necesarias ó contratista para a normal e eficaz realización daquelas, e sinalará o ritmo de execución conveniente.

O Director de obra que se designe polo órgano de contratación exercerá as funcións de dirección, inspección, comprobación e vixilancia necesarias para a correcta execución da obra contratada. O director das obras poderá estar auxiliado polo persoal que o órgano de contratación designe.

O Delegado de obra do contratista deberá ser un técnico titulado, con experiencia acreditada nas obras de similar natureza ás que son obxecto deste contrato.



27º.-COMPROBACIÓN DO REPLANTEO E AVISO Á AUTORIDADE LABORAL.-

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación de replanteo e inicio das obras. A tales efectos, no prazo máximo de quince días, se ten natureza de contrato urxente, o un mes dende a data de formalización do contrato, agás en casos excepcionais xustificados, o servizo da administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo feito, estendéndose acta do resultado que será asinada por ambas partes.

O director da obra ou técnico designado ó efecto deberá efectuar o correspondente aviso previo á autoridade laboral antes do comezo das obras (art. 18 do Decreto 1627/97).

O contratista está na obriga de cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

28º.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE.- Formalizado o contrato o adxudicatario elaborará un Plan de Seguridade e Saúde no Traballo da obra, axustado ó Estudio de Seguridade e Saúde ou no seu caso Estudio Básico de Seguridade e Saúde do proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

En dito Plan se incluírán, no seu caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña coa correspondente xustificación técnica, que non poderá implicar diminución do nivel de protección previsto no Estudio.

En todo caso, o prazo máximo para a aprobación do Plan de seguridade e saúde no traballo será de **trinta días** dende a formalización (art. 112 TRLCSP). Se, por incumprir o contratista os prazos indicados no parágrafo anterior non fose posible inicia-las obras ó recibir autorización para o inicio das mesmas, non poderá reclamar ampliación ningunha do prazo por este motivo.

29º.-PRAZOS.- O adxudicatario terá a obriga do cumprimento do prazo fixado para a realización do contrato, que comezará a contar para o adxudicatario a partir do día da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

30º.-RÉXIME DE PAGAMENTOS.- O pagamento efectuarase mediante certificacións mensuais dos traballos efectuados acompañada de factura, que se aboarán de conformidade co



establecido nos arts. 216 e 232 do TRLCSP así como o establecido na cláusula 7ª do presente prego.

31º.-PENALIDADES.- Imporanse penalidades ó contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

a).- **Por incumprimento das condicións especiais de execución.** O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ó contratista das seguintes penalidades.

- Como norma xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave. Neste caso poderá abranguer ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, no concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ó contratista, ou sobre a garantía, conforme ó artigo 212 do TRLCSP.

O incumprimento polo adxudicatario das condicións de execución poderán verificarse polo órgano de contratación en calquera intre durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ó tempo da recepción das obras.

b).- **Por cumprimento defectuoso.** Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Se, ó tempo da recepción, as obras non se atopan en estado de recibilas por causas imputables ó contratista.

- Como norma xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, de se-lo caso poderán abranguer ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista das obrigas que legalmente lle incumben no que respecta á reparación dos defectos.

c).- **Por demora.** Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora, tanto en relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos, se estará ó disposto no artigo 212 do TRLCSP no relativo á imposición destas penalidades.



32º.-SUBCONTRATACIÓN.- A subcontratación rexerese polo disposto no art. 227 do TRLCSP e na Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

33º.-CUMPRIMENTO DO CONTRATO.- A recepción do contrato rexerese segundo o establecido no art. 235 do TRLCSP .

Ó tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

1ª).- O despexe final das obras, debendo o contratista restituír a súa situación inicial as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.

2ª).- O cumprimento non defectuoso do contrato.

3ª).- O cumprimento das condicións de execución.

34º.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.- A administración poderá modificar o contrato por razóns de interese público nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do TRLCSP, e de acordo co procedemento regulado no artigo 211 do TRLCSP.

A modificación do contrato se rexerá polo disposto no artigos 219, 234 e concordantes do TRLCSP e no [título V do libro I](#) do TRLCSP.

De acordo co artigo 219 do TRLCSP, os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos no [título V do libro I](#), e de acordo co procedemento regulado no artigo 211.

As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 156.

35º.- RECEPCIÓN E PRAZO DE GARANTÍA.-

De conformidade co art. 235 do TRLCSP, á recepción das obras ó seu remate e os efectos establecidos no art. 222.2 concorrerá o responsable do contrato a que se refire o art. 52, se se nomease, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contador a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas.

Se as obras se atopan en bo estado e conforme ás prescricións previstas, pola administración se dará por recibidas as obras, levantándose a correspondente acta e comezo entón do prazo de garantía.

Cando as obras non estean en estado de ser recibidas se fará constar así na acta e o director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo



para remediar aqueles. Se transcorrido dito prazo o contratista non o houbese efectuado, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

O prazo de garantía, que en ningún caso poderá ser inferior a un ano dende a aprobación da recepción das obras, dado que se introduce como criterio de adxudicación valorable **o incremento do prazo de garantía**, será o que se ofrezca pola empresa adxudicataria como criterio de mellora.

Durante o prazo aplicarase o establecido no art. 167 do Regulamento xeral da LCAP no relativo ás obrigas do contratista, así como con respecto á facultade da administración de, en caso de incumprimento, executar á súa costa os traballos necesarios para a conservación da obra.

Tódolos gastos que se ocasionen pola conservación das obras durante o período de garantía serán por conta do contratista, sen ter dereito a ningunha indemnización por este concepto. Exceptúanse os danos ocasionados na obra por forza maior, que serán soportados pola Corporación, se ben esta terá a facultade de esixir ó contratista que realice as obras de reparación.

36º.-LIQUIDACIÓN.- Transcorrido o prazo de garantía a que se refire a cláusula anterior, procederase á liquidación do contrato de conformidade co establecido no art. 179 do Regulamento xeral da LCAP.

37º.-DEMORA NA EXECUCIÓN OU INCUMPRIMENTO DO CONTRATO.- Estarase ó disposto no artigo 212 e concordantes do TRLCSP.

38º.-RESOLUCIÓN DO CONTRATO.- O contrato extinguirase por algunha das causas de resolución recollidas nos artigos 223 e 224 do TRLCSP.

39º.-XURISDICCION COMPETENTE.- As cuestións litixosas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato resolveranse polos órganos de contratación e as súas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía Contencioso-Administrativa, de conformidade coa referida lei.

Tui, o Alcalde
Documento asinado dixitalmente



ANEXO I

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don.....
maior de idade, veciño de con enderezo
en,
en nome propio ou da empresa a quen
represente, con enderezo
en

NIF: , conforme acredito con Poder verificado,
tendo coñecemento do procedemento para a contratación da obra
de ".....", comprométese a
realizalo de conformidade co prego de cláusulas administrativas
particulares e proxecto técnico así como demais documentación
que corresponda, pola cantidade e euros que se enumera a
continuación:

Oferta económica

CANTIDADE EN LETRA

SEN
IVE:
.....
IVE:
.....
TOTAL:
.....

CANTIDADE EN NÚMERO

SEN IVE:
IVE:
TOTAL:

Para tódolos efectos, a presente oferta comprende non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do IVE, a teor do disposto no art. 25 do Real decreto 1.624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o regulamento do mencionado imposto, e que se indica como partida independente de conformidade co establecido no art. 145 do TRLCSP.



..... de de
(Lugar, data, sinatura e selo do licitador).

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (A INCLUIR NO SOBRE Nº 1)

D/Dna....., con DNI nº....., con domicilio aos efectos de notificacións en

No caso de actuar en representación de persoa xurídica:

En nome e representación da sociedade, con NIF nº....., de acordo coa escritura de poder (ou documento que o habilite para actuar en nome da persoa xurídica que representa), a efectos de contratar co Concello de

DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que coñezo os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que serven de base ó contrato e que os acepta incondicionalmente.

2º.- Que dispón /ou que a empresa á que representa dispón, dos requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar para contratar co sector público, esixidos nos artigos 54 e 72 do TR da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), así como da habilitación profesional necesaria para concertar co Concello da execución do contrato de E que a mercantil á que representa ten un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do presente contrato, de acordo co recollido no artigo dos seus estatutos sociais, estatutos que están correctamente inscritos nos Rexistros correspondentes.

3º.- Que ten /ou a mercantil á que representa ten a clasificación / solvencia (económica, financeira e técnica ou profesional) requirida no Prego de Cláusulas Administrativas para dita contratación.

Que, no seu caso, dita declaración se complementa polo medio seguinte (marcar o que proceda):

- a. Formando unha unión temporal de empresas para concorrer á licitación coa/s seguintes mercantís.....,
- b. Que dispón de medios externos para executar as prestacións



seguintes.....

Os medios externos consisten en..... e serán aportados por A tal efecto subscribiuse con dita empresa un

4º.- Que concorre a presente licitación en UTE coas seguintes mercantís:, e de resultar adxudicatarias participarán no capital da UTE que se constitúa cada unha delas nos seguintes porcentaxes, adquirindo o compromiso expreso de constituír dita UTE en caso de resultar a nosa oferta adxudicataria do contrato (nesta caso, a declaración será subscrita por cada unha das empresas que integrarán a futura UTE).

5º.-Que a mercantil (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.

(Entenderase por sociedades dun mesmo grupo empresarial aquelas que se atopen nalgún dos supostos contemplados no artigo 42.1 do Código de Comercio).

6º.-Que nin eu persoalmente nin a persoa xurídica á que represento estamos incurso en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do Texto Refundido Lei de Contratos do Sector Público.

7º.-Que a empresa á que represento está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Tui e coa Seguridade Social que imponen as disposicións vixentes.

8.-Que a empresa se compromete a adscribir á execución do contrato os medios persoais e/ou materiais suficientes para levalo a cabo adecuadamente, nos termos e condicións determinadas nos PCAP e/ou PPT. Que en concreto se compromete a adscribir os medios persoais mínimos sinalados a continuación, declarando baixo a súa responsabilidade que son certos os datos dos perfís profesionais sinalados:

Técnico especialista en Conservación e Restauración de Bens Culturais.		Nome:			Tipo de relación (Medio propio ou alleo):	
Titulación:						
Nº	Intervención	Ben obxecto de intervención	Protección legal	Orzamento	Promotor	Data de remate
...						

Traballadores especializados na realización de traballos de cantería e carpintería.						
Nome:						
Especialidade:						
Tipo de relación (Medio propio ou alleo):						
Nº	Intervención	Ben obxecto de intervención	Protección legal	Orzamento	Promotor	Data de remate



...						
Nome:						
Especialidade:						
Tipo de relación (Medio propio ou alleo):						
Nº	Intervención	Ben obxeto de intervención	Protección legal	Orzamento	Promotor	Data de remate
...						

Especialista debidamente acreditado na realización de traballos de fundición e forxa artística	Nome:				Tipo de relación (Medio propio ou alleo):	
Especialidade:						
Nº	Intervención	Ben obxeto de intervención	Protección legal	Orzamento	Promotor	Data de remate
...						

9º.-Que a empresa á que represento NON / SI (márquese o que proceda) ten un número de 50 ou máis traballadores, (en caso de superar esa cifra) sendo o número de traballadores con discapacidade na empresa de...., o que supón un% traballadores pertencentes a este colectivo, (alternativamente, segundo o caso), significando que supliuse a esixencia legal de dispoñer no cadro de persoal con máis do 2% de traballadores con discapacidade polas medidas alternativas legalmente previstas seguintes:.....

10º.-No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, así como o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

11º.-Que a oferta que presento garante respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración dos produtos e/ou servizos, así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas medioambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables, o Dereito español e da UE, así como das disposicións de Dereito internacional sobre estas materias subscritas pola Unión Europea.

12º.-Que a mercantil acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente . A estes efectos, sinala como dirección de correo electrónico a seguinte



13º.-No suposto de que o licitador sexa estranxeiro se compromete a someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder.

O que declaro aos efectos do previsto no art.146 del TRLCSP, comprometéndome a presentar a xustificación acreditativa de tales requisitos no prazo que sexa requirido pola unidade de Tramitación, en caso de ser adxudicatario do contrato....., indicando estar en posesión de tódolos requisitos no intre de presentación da presente declaración responsable e autorizando expresamente ao Concello de á súa verificación directa.

Lugar, data, selo e sinatura.

En, a de de

Asdo:

